

CAPÍTULO 13. DÚAS PROPOSTAS ÉTICAS DOS SÉCULOS XVII E XVIII: SPINOZA E HUME.

Manolo e Vicente, no despacho que o pai deste último tiña no seu domicilio, esperaban a que a impresora depositase na bandexa todas as páxinas do traballo que acababan de realizar.

- Ti cres que non se dará conta de que é un copiazoo? - preguntou Mano impaciente.
- Para nada. Andrés non sabe que existe esta enciclopedia multimedia. Ademais, fixemos moitas modificacións.

As "moitas modificacións" ás que se refería Vicente consistían en eliminar algúns parágrafos do texto orixinal e introducir outros coas biografías atopadas nun Dicionario de autores.

- Bo, xa está todo - anunciou Manolo ao ver que a máquina terminara de imprimir.
- Vale, pois revisao con coidado por se hai algo que non quedou ben. Eu aínda teño que facer unha cousa máis...

Manolo acomodouse no sillón de coiro negro que había alén do escritorio e accionou o mecanismo que deslizaba o respaldo cara atrás. Logo, ordenou os folios, separou a páxina que facía as veces de portada cun título a todo cor, e empezou ler a primeira parte:

Introdución.

No transcurso dos séculos XVII e XVIII son moitos os pensadores que dedicarán unha parte importante da súa obra ao tratamento de asuntos relacionados coa ética e a política. Polo que se refire á primeira destas disciplinas, as novas teorías van mostrarse certamente debedoras dos grandes sistemas desenvolvidos na antigüidade, aínda que aportarán matices certamente novidosos e interesantes. seleccionamos como exemplos máis representativos as éticas de Spinoza e de Hume.

O vivir conforme á razón de Spinoza.

Spinoza naceu en Amsterdam en 1632 no seo dunha familia xudía de orixe portuguesa. Foi educado na comunidade xudía da súa cidade natal ata ser expulsado dela baixo a acusación de herexía en 1656. Poucos anos máis tarde estableceuse en A Haia. Alí dedicouse a fabricar instrumentos ópticos e á súa gran paixón, a filosofía. En 1673 ofrecéuselle unha cátedra na universidade de Heidelberg, pero rexeitouna: era un home moi sinxelo e de natureza enfermiza ao que lle gustaba sentirse completamente libre e afastado da vida pública. Morreu de tuberculose á idade de 44 anos.

En 1663 publicou os *Principios de filosofía de Descartes*; sete anos despois apareceu anónimo o *Tratado teolóxico político*; en 1677, cando xa morrera, viron a luz nun volume de *Obras póstumas* a *Ética*, o *Tratado político* e o *Tratado sobre a corrección do entendemento*. En 1851 foi descuberto o seu *Breve tratado sobre Deus, o home e a felicidade*.

Para Spinoza a natureza é perfecta. É un todo orgánico constantemente autorregulado. Nel non falta nada nin sobra nada; cada elemento é como ten que ser. Na natureza ningunha cousa está chamada a ser algo distinto do que é; así a todo, cada cousa procura conservar as súas características esenciais. *"Cada cousa esfórzase, canto está ao seu alcance, por perseverar no seu ser"*. (Ética, III, prop. VIN)

Polo que respecta ás persoas, ocorre exactamente o mesmo: tamén perseguimos, por medio das diferentes accións que levamos a cabo, non deixar de ser o que en esencia somos. Pretendemos consolidar os atributos que nos diferencian dos demais seres. A meta á que tenden os nosos actos non é outra que o desenvolvemento de todas e cada unha das facultades que se consideran propiamente humanas.

Pois ben, segundo Spinoza, será toda vez que consigamos ese obxectivo principal, ou sexa, toda vez que logremos perfeccionarnos como persoas cando, desde un punto de vista ético, avanzaremos no camiño que nos leva á felicidade ou *beatitude*. Sendo máis concretos, cabe dicir que para este filósofo a perfección humana que conduce á felicidade baséase, fundamentalmente, nun aumento das nosas capacidades físicas ou corporais e da nosa capacidade racional.

O aumento de ambas capacidades é o criterio para establecer o que é moralmente bo, e que adoita acompañarse do afecto chamado "ledicia"; a diminución das mesmas, pola contra, establece o que resulta moralmente malo, e acompáñase doutro afecto chamado "tristeza":

"Entenderei por ledicia unha paixón pola que a alma pasa a unha maior perfección. Por tristeza, en cambio, unha paixón pola cal a alma pasa a unha menor perfección. Ademais, chamo ao afecto da ledicia, referido á vez ao alma e ao corpo, 'pracer' ou 'xúbilo', e ao da tristeza, 'dor' ou 'melancolía'". (Ética, III, prop. XI, escolio)

Na parte IV da súa *Ética*, o autor concluírá que o máis beneficioso para nós, o que produce máis ledicia, o que nos aporta a verdadeira felicidade é o coñecemento, ou o que é o mesmo, vivir de acordo coa razón:

"Con certeza só sabemos que é bo ou malo aquilo que conduce realmente ao coñecemento ou aquilo que pode impedir que coñezamos". (Ética, IV, prop. XXVII)

Polo demais, Spinoza tamén chegará a afirmar que a felicidade radica igualmente na solidariedade dos seres humanos, no benestar da colectividade:

"Os homes que se gobernan pola razón, é dicir, os homes que buscan a súa utilidade baixo a guía da razón, non apetecen para si nada que non desexen para os demais homes". (Ética, IV, prop. XVIII, escolio)

"Se alguén se xulga máis feliz porque ten privilexios dos que están privados os seus semellantes e porque se viu máis favorecido da fortuna, ignora a verdadeira felicidade, a beatitude". (Tratado teolóxico político, cap. III)

O utilitarismo incipiente e o emotivismo de Hume.

David Hume naceu en Edimburgo, Escocia, en 1711. A súa familia, pertencente á pequena burguesía, animouno a que estudase dereito ou se dedicase ao comercio, pero el preferiu consagrar a súa vida á literatura e á filosofía.

En 1738 publicou o *Tratado sobre a natureza humana* que, malia ser a súa obra máis

importante, non tivo unha boa acollida. Catro anos despois, viron a luz os seus *Ensaíos morais e políticos*, que gozaron dunha maior aceptación. A fama, con todo, non lle chegou ata 1752, ano en que apareceron nas librarías os seus *Discursos políticos*.

Desde 1763 ata 1766 ocupou o cargo de secretario do embaixador de Inglaterra en París, onde tivo a ocasión de coñecer aos principais representantes da Ilustración francesa. Despois, regresou ao seu país, e alí - menos cando hospedou na súa casa a Rousseau - tivo unha vida tranquila ata a súa morte en 1776.

Para a maioría de quen estudan a evolución das teorías éticas ao longo da historia, pódese considerar a Hume como un continuador do hedonismo, como un pioneiro do utilitarismo, ou como un valedor do emotivismo.

A primeira destas atribucións débese ao simple feito de que o empirista escocés está de acordo con quen defenden que o fin máis desexado polos seres humanos é a obtención de sensacións prazenteiras - aínda que matiza que "*o pracer que producen as diversións baleiras e febrís do luxo e do gasto non é comparable ao que proporcionan a conversación e o estudo (...), a saúde (...), as beleza usuais da natureza; pero sobre todo a reflexión tranquila sobre a propia conduta*". (Invest., 157)

Con respecto á consideración do autor como un dos pais do utilitarismo diremos que é debida, fundamentalmente, ao seu convencemento de que o bo é o que resulta útil a un mesmo e á sociedade.

Efectivamente, segundo Hume a utilidade é o criterio co que mellor podemos establecer que accións son moralmente boas e que accións son moralmente reprobábeis:

"Podemos observar que na vida humana sempre se apela á circunstancia da utilidade; e non se supón que poida ofrecerse un eloxio máis grande dun home que mostrar a súa utilidade para o público e enumerar os servizos que realizou á humanidade e á sociedade". (Invest., 79)

Á hora de detallar que tipo de accións proporcionan maior utilidade o noso autor destaca a obediencia e a práctica da xustiza e a humanidade. A obediencia serve para lograr a estabilidade dos gobernos. E con respecto ás outras dúas accións o filósofo chega a dicir o seguinte:

"Tanto como valoremos a nosa propia felicidade e benestar, así debemos aplaudir a práctica da xustiza e da humanidade, pois só grazas a elas pode manterse a paz social e recoller cada home os froitos da asistencia e da protección mutuas". (Invest., 82)

Queda claro, pois, que a utilidade pola que avoga Hume non é unha utilidade individual, senón colectiva. Isto débese á profunda convicción que tamén vertebra o pensamento do noso autor de que un suxeito nunca poderá ser enteiramente feliz se os seus semellantes son desgraciados. Como advirte na sección V da obra que vimos citando:

"Se consideramos os principios da estrutura humana tal como aparecen á observación e á experiencia cotiás, temos que concluír, a priori, que é imposible para unha criatura como o home o ser totalmente indiferente ao benestar ou ao malestar dos seus semellantes, e non declarar espontaneamente (...) que o que promove a felicidade dos mesmos é bo, e o que tende á súa desdita é malo". (Invest., 98)

No que incumbe, en terceiro lugar, á caracterización de Hume como un ético emotivis-

ta, cabe dicir que se debe a que non deixa de proclamar en varias pasaxes da súa obra que as nosas accións morais son promovidas polos sentimentos e non pola razón:

"Nunca se pode dar conta mediante a razón dos fins últimos das accións humanas, senón que - estas - recoméndanse enteiramente aos sentimentos e afectos da humanidade, sen ningunha dependencia das facultades intelectuais. Preguntade a un home por que fai exercicio; responderá: porque desexa conservar a súa saúde. Se preguntades entón por que desexa a saúde replicará enseguida: porque a enfermidade é dolorosa. Se levades máis lonxe as vosas preguntas e desexades unha razón de por que odia a dor, é imposible que poida ofrecer algunha". (Invest., 167)

E non cabe a posibilidade de que ao guiarnos cada un polos nosos sentimentos se produza un desacordo xeral cando haxa que precisar que é o bo e que é o malo? A resposta a esta pregunta é que non: ante calquera acción que teña certa transcendencia para os seres humanos todos tendemos a desenvolver os mesmos sentimentos. Segundo Hume, todo ser humano cualifica como reprochable o asasinato, violación e a tortura, e considera digno de eloxio o heroísmo, a axuda humanitaria ou a compaixón:

"O intercambio de opinións na sociedade e na conversación faíños formar un criterio xeral e inalterable, mediante o que podemos aprobar ou desaprobamos caracteres e condutas". (Invest., 97)

Para terminar, diremos que ao entender de Hume as principais virtudes non son, como se nos intentou facer crer ao longo dos séculos, o celibato, o xaxún, a penitencia, a mortificación, a negación de si mesmo, a humildade, o silencio, a soidade e todo o conxunto de virtudes monásticas. As principais virtudes son -máis aló da frugalidade, o vigor mental, a laboriosidade, o discernimento, a perseveranza e un longo etc. -, entre outras, a prudencia, a integridade, a habilidade no trato co próximo e un espírito xovial. Hume, de quen adoita dicirse que é o fundador da ética alegre, proclama que fomos vítimas dunha grave equivocación durante moito tempo e xa é hora de que nos decatemos diso e comencemos a transitar o verdadeiro camiño da felicidade.

Redacción

ACTUALIZACIÓN

Que tipo de actividades nos levarían a alcanzar neste mundo que nos toca vivir esa "perfección" da que falaba Spinoza? Que tipo de accións cres que poderían considerarse "útiles" hoxe de acordo co punto de vista de Hume?